BONADAL
CON LI BROS

Comezamos polos máis pequenos e, pouco a pouco, imos medrando... en idade. E



NA BARRIGA DO DRAGÓN

Babarro, Xoán

Marcela, unha nena moi espelida e audaz, xunto cun grupo de rapaces e o seu gato Piñón, entran nas entrañas do dragón máxico da fada Lupa Lupina. A fada transfórmase nunha muller feísima por lle ter alerxia ao gato; os rapaces, atacados por uns morcegos, desexan saír canto antes da cova. Queda Marcela soa e pasa mil aventuras interesantísimas. Interésache

LOS GNOMOS

Wil Huygen **Rien**

A que non coñeciades estes pequenos habitantes dos bosques?

Pois este libro tan ben ilustrado foi concibido para que os coñezamos, entremos con eles nos bosques e aprendamos a respectalos e a querelos.

É un canto á natureza e ás fermosas lendas que conservan os pobos e, aínda que non o saibas, en Galicia tamén hai gnomos! O señor Manuel tenos visto moitas veces.

A BESTA MOURA

Antoni García Llorca

É difícil ser "lobeiro" no Pirineo catalán e levar unha vida a medio camiño entre o ser primitivo e o lobisome pero hai persoas con capacidades especiais para entender as mensaxes do medio natural. O terrible e o marabilloso é que se dean a man. Velaquí unha novela que nos leva ás orixes máis auténticas do ser humano. Que queres experimentar, medo ou fascinación?

Pois xa sabes: le esta novela.

GENEALOGÍA DE UNA BRUJA

Benjamín Lacombe **Sebastien Pérez**

Non é o normal pero este libro non é un, son dous! A historia da nena que descobre que é bruxa e o libro das bruxas que atopa na biblioteca das súas tías. Un libro con esconxuros e receitas máxicas, con feitizos e segredos tan antigos como el mesmo, porque é un libro antigo dentro dun moderno

Descúbreo!

VIAXES DUN CAN DE PALLEIRO

Pere Toba-

"Eu son un sinxelo can de palleiro orixinario da Barbanza, un can de aldea. Coma quen di, un ninguén.... Non son, nin moito menos, o célebre can Argos, sempre fiel a Ulises. Argos morreu. Era o típico can de raza: estilizado e de boa planta, pero pouco afeito ás emocións fortes..."- Di, de si mesmo o can de palleiro, o barbanzán que compartiu aventuras co seu amo Ulises, pero ... trátase do famoso heroe grego? Segundo este can de palleiro, Ulises non era grego, era galego, de Xobre, unha aldea de pescadores da Pobra do Caramiñal. O amo do can narrador será o verdadeiro Ulises ou será outro personaxe co mesmo nome? *Vas ter que ler o libro para sabelo, porque non o pensamos descubrir.*



EL VUELO DEL

Anne McCaffrey

Batallas que poñen en perigo o futuro do planeta Pern, conspiracións e vinganzas!, viaxes no tempo... Lessa é a única humana que sobreviviu e vive agochada esperando vingar a súa familia asasinada. Os xinetes dos dragóns, relegados da súa función de primeiros gardiáns do planeta, buscan unha raíña que lle devolva o seu posto na sociedade; e teñen intereses comúns con Lessa, pero ela pensa que a vinganza é un prato que hai que servir frío.

Pero aquí temos a crúa realidade

GENEALOGÍA DE UNA BRUJA

Benjamín Lacombe **Sebastien Pérez**

Non é o normal pero este libro non é un, son dous! A historia da nena que descobre que é bruxa e o libro das bruxas que atopa na biblioteca das súas tías. Un libro con esconxuros e receitas máxicas, con feitizos e segredos tan antigos como el mesmo, porque é un libro antigo dentro dun moderno

Descúbreo!

VIAXES DUN CAN DE PALLEIRO

Pere Toba-

"Eu son un sinxelo can de palleiro orixinario da Barbanza, un can de aldea. Coma quen di, un ninguén.... Non son, nin moito menos, o célebre can Argos, sempre fiel a Ulises. Argos morreu. Era o típico can de raza: estilizado e de boa planta, pero pouco afeito ás emocións fortes..."- Di, de si mesmo o can de palleiro, o barbanzán que compartiu aventuras co seu amo Ulises, pero ... trátase do famoso heroe grego? Segundo este can de palleiro, Ulises non era grego, era galego, de Xobre, unha aldea de pescadores da Pobra do Caramiñal. O amo do can narrador será o verdadeiro Ulises ou será outro personaxe co mesmo nome? *Vas ter que ler o libro para sabelo, porque non o pensamos descubrir.*



EL VUELO DEL

Anne McCaffrey

Batallas que poñen en perigo o futuro do planeta Pern, conspiracións e vinganzas!, viaxes no tempo... Lessa é a única humana que sobreviviu e vive agochada esperando vingar a súa familia asasinada. Os xinetes dos dragóns, relegados da súa función de primeiros gardiáns do planeta, buscan unha raíña que lle devolva o seu posto na sociedade; e teñen intereses comúns con Lessa, pero ela pensa que a vinganza é un prato que hai que servir frío.

Pero aquí temos a súa realidade

CIRCE OU O PRACER DO AZUL

Begoña Caamaño

Penélope comezaba a crer que o seu querido marido, Ulises, morrera despois de esperalo once longos anos, pero un día bo día chega ás súas mans a carta dunha descoñecida que di que está a vivir unha tórrida historia de amor con el. A partir dese momento as cartas entre a muller e a amante vanse suceder ata chegar un momento no que Ulises deixa de ser impor-



EL ALMA DEL BOSQUE

Manuel López Gallego

Emilio ten 17 anos e deteno a poli por condución temeraria, roubo de coche, roubo nunha tenda... Unha boa peza é o rapaz! Como é menor de idade o xuíz mándao a un reformatorio, pero aterra nun bosque e alí non hai nada, non hai a quen preguntar... Queres saber máis? Pois xa sabes onde están as pistas, e seguro que ata atopas un pastor, un rabaño....

SETE PALABRAS

Suso de Toro

Un baleiro na memoria familiar. Un rastro perdido na singradura da emigración a América. Un implacable "foise, e non se soubo máis del" que abanea a identidade dos que quedaron, que fere a muller, o fillo e o neto co proído da dúbida. O avó, do que non sabía nada, resultou ser un neno orfo. Criado en Zamora, condenado pola moral católica a servir e a estar agradecido, casara cunha muller maior ca el, coa que tivera dous fillos. O home da avoa Valentina desaparecera na súa viaxe a América, na emigración, na loita por escorrentar a miseria. Era neto dun fantasma ?

UNA MUERTE SENCILLA



Peter James

O atormentado detective Roy Grace recibe a chamada de socorro dunha moza que tres días antes da súa voda, non sabe onde está o seu futuro marido. Uns amigos do “desaparecido” aparecen mortos e alguén sabe que pasou na estraña despedida de solteiro do noivo de Ashley, pero non ten intención de dicir nada polo momento. Atopará, máis tarde, unha razón para romper o seu silencio? Poderá Roy Grace resolver o misterio? Nós non o sabemos. E ti?

O CABO DO MUNDO

Xabier Quiroga

Que farías se non che quedase nada de vida? Esta é a pregunta á que se dispón a responder un profesor diagnosticado de cancro terminal. Cando sabe que vai morrer comeza a súa procura do esencial da vida, unha investigación centrada en dúas teimas do pasado relacionadas co seu pai e coa muller que sempre amou. A urxente busca de si mesmo achegarao sen remisión ao cerne dun segredo amoroso e duns cruentos e agochados sucesos da represión franquista levada a cabo polas «brigadas do amencer» nas ribeiras do Miño.



TAMBIÉN MUEREN ÁNGELES EN PRIMAVERA

JOSÉ LUIS IBÁÑEZ

Primavera do 1937 en Barcelona. Aparece o cadáver dunha nena desaparecida e o detective Ferrer debe loitar contra o tempo e a indiferencia das autoridades para esclarecer o caso e impedir que o asasino siga matando. Nun país convulsionado pola violencia, o detective –agora enrolado nos servizos secretos– debe enfrontarse, ademais, con axentes rusos e italianos dispostos a cambiar o rumbo da guerra. A detención dun correo inimigo espertará pantasmas dun pasado recente que porá de novo a proba a súa integridade e intelixencia.



A PRAIA DOS AFOGADOS

Domingo Villar

Quen di que en Galicia non temos detectives famosos? Vas coñecer a Caldas, que ademais de ter unha vida privada desastrosa e falar na radio é detective e dos bos como verás no caso que segue: unha mañá, nunha praia de Panxón, aparece afogado un mariñeiro. Non sería nada estraño se non fose porque ten as mans atadas cunha brida. Na vila ninguén viu nin oíu nada, todos parecen ter medo a unha pantasma, a dun vello capitán desaparecido nun naufraxio tempo atrás. Ata Caldas empeza a dubidar, pero... Ti cres en fantasmas de vellos capitáns afogados ou pensas que a Xusto Castelo o matou alguén de carne e óso?

O CABO DO MUNDO

Xabier Quiroga

Que farías se non che quedase nada de vida? Esta é a pregunta á que se dispón a responder un profesor diagnosticado de cancro terminal. Cando sabe que vai morrer comeza a súa procura do esencial da vida, unha investigación centrada en dúas teimas do pasado relacionadas co seu pai e coa muller que sempre amou. A urxente busca de si mesmo achegarao sen remisión ao cerne dun segredo amoroso e duns cruentos e agochados sucesos da represión franquista levada a cabo polas «brigadas do amencer» nas ribeiras do Miño.



TAMBIÉN MUEREN ÁNGELES EN PRIMAVERA

JOSÉ LUIS IBÁÑEZ

Primavera do 1937 en Barcelona. Aparece o cadáver dunha nena desaparecida e o detective Ferrer debe loitar contra o tempo e a indiferencia das autoridades para esclarecer o caso e impedir que o asasino siga matando. Nun país convulsionado pola violencia, o detective –agora enrolado nos servizos secretos– debe enfrontarse, ademais, con axentes rusos e italianos dispostos a cambiar o rumbo da guerra. A detención dun correo inimigo espertará pantasmas dun pasado recente que porá de novo a proba a súa integridade e intelixencia.



A PRAIA DOS AFOGADOS

Domingo Villar

Quen di que en Galicia non temos detectives famosos? Vas coñecer a Caldas, que ademais de ter unha vida privada desastrosa e falar na radio é detective e dos bos como verás no caso que segue: unha mañá, nunha praia de Panxón, aparece afogado un mariñeiro. Non sería nada estraño se non fose porque ten as mans atadas cunha brida. Na vila ninguén viu nin oíu nada, todos parecen ter medo a unha pantasma, a dun vello capitán desaparecido nun naufraxio tempo atrás. Ata Caldas empeza a dubidar, pero... Ti cres en fantasmas de vellos capitáns afogados ou pensas que a Xusto Castelo o matou alguén de carne e óso?

LA FUNERARIA

Juan Luis Cano

É o que precisamos despois de tantos mortos, non?. Un negocio familiar que nunca falla e unha visión «alternativa» da vida co tiá na España dos años se senta dende o madrileño barrio de Carabanchel. Alí falábase e escoitábase de todo, así que..., ala! a pasalo ben cos friames! Non irás dicir que non é apetitoso o libro...